

## DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA ADQUISICIÓN DUN ARCÓN CONXELADOR E DUN ARMARIO CONXELADOR PARA O FOGAR DO TRANSEÚNTE.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 16-2025, por un importe total de 3.240,38 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da da adquisición dun arcón conxelador e dun armario conxelador para o Fogar do Transeúnte, según por de manifesto a xefa de servizo de Benestar Social, Pilar Rodríguez González, o 28.05.2025, coa conformidade do responsable da área xestora e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase por parte deste, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

*“... O obxecto desta transferencia é poder levar a cabo tarefas de investimento e acondicionamento no Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo. O importe total do investimento previsto ascende a 3.240,38 € para a compra de 1 arcón conxelador e de 1 armario conxelador, xa que o conxelador que se atopa no albergue ten máis de 30 anos e presenta deficiencias (proceso de conxelación rápida non funciona, non conta coa asa e termostato, as pezas que faltan están descatalogadas, etc)*

*Do mesmo xeito, na acta nº D2025003245 da Consellería de Sanidade, do 18.03.2025 se recollen deficiencias na Restauración Social, concretamente no referente ao conxelador, indicando “falta de asa e a rosca do termostato do conxelador do almacén”, e se insta a corrixir esas deficiencias”.*

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/810, do 02.06.2025, así como o RCMOD núm: 2025/35791, por importe de 3.240,38 € do 30.05.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 3.240,38 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

| <u>APLICACIÓNS<br/>ORZAMENTARIA<br/>S QUE CEDEN</u> | <u>IMPORTE €</u> | <u>APLICACIÓNS<br/>ORZAMENTARIAS<br/>QUE</u> | <u>C.P.</u> | <u>IMPORTE €</u> |
|-----------------------------------------------------|------------------|----------------------------------------------|-------------|------------------|
|-----------------------------------------------------|------------------|----------------------------------------------|-------------|------------------|

## INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4102807697932517586.doc

Asunto: Transferencia de crédito 16-2025 Conxelador albergue

| <u>CRÉDITO</u>                  |                   | <u>INCREMENTAN<br/>CRÉDITO</u>             |               |                   |
|---------------------------------|-------------------|--------------------------------------------|---------------|-------------------|
| 23150.22699                     | 3.240,38 €        | 23183.62500                                | 25XX0002<br>0 | 3.240,38 €        |
| <b>TOTAL CRÉDITO<br/>CEDIDO</b> | <b>3.240,38 €</b> | <b>TOTAL<br/>INCREMENTO DE<br/>CRÉDITO</b> |               | <b>3.240,38 €</b> |

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.